



Dona Consuelo Besada Lores, con D.N.I. 76802898X como secretaria do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 24 de novembro de 2021, con quórum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto segundo da orde do día:

PUNTO 3º: Revisión da proposta definitiva de aprobación de proxectos presentados á convocatoria de axudas ao abeiro da *ORDE de 3 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2021 (código de procedemento PE155A), logo da súa devolución.*

A xerente expón aos membros presentes da Xunta Directiva que se recibiu a devolución da proposta definitiva de concesión de axudas da convocatoria aberta pola publicación da *Orde do 3 de agosto de 2021*. Logo de analizado o documento e revisados os aspectos sinalados no mesmo, a xerencia elaborou un informe que se somete á consideración da Xunta Directiva.

GALP 6 - 236: A horta das halófitas.

Na devolución da proposta se sinala:

“o proxecto non é subvencionable xa que na data de solicitude non se acredita a capacidade legal do uso e disfrute ou propiedade da totalidade dos bens relacionados co proxecto esixida de acordo co artigo 21.1.e) da orde de bases reguladoras”.

O promotor realizou unha achega de documentación complementaria e non se advertiu a falla do documento que acreditaba a dispoñibilidade dos terreos. Esta achega se fixo posteriormente e cun documento insuficiente polo que debe retirarse da proposta de aprobación deste proxecto.

A Xunta Directiva acorda a retirada do proxecto da relación de proxectos que se propoñen para a súa aprobación.

Tamén se di:

“b. Aínda no caso de que se cumpriran os requisitos de subvencionabilidade, de acordo cos datos de execución do Grupo dos que dispoñemos, coa puntuación outorgada a este proxecto non existiría crédito dispoñible no OE3 para conceder



a axuda xa que existen proxectos no mesmo OE con maior puntuación que consumirían o crédito existente.”

Como en anteriores ocasións, a proposta recolle no Anexo I, os proxectos que se propoñen para aprobación indicando a puntuación obtida, o orzamento subvencionable e a axuda que corresponde en función da porcentaxe de financiamento que se propón. No certificado de acordos da Xunta Directiva se indica que *“a Xunta Directiva propón a aprobación de proxectos asignándolles as cantidades dispoñibles ata o límite de execución da EDLP e os seus obxectivos estratéxicos”*. Na data do 20/09/2021 foi remitido pola xerencia para a súa validación, o cadro cos importes remanentes en cada OE solicitado pola Consellería. Na data do 22 de setembro recibíuse a táboa cos datos de execución e cantidades dispoñibles para a convocatoria de agosto de 2021.

A Xunta Directiva acorda a publicación das cantidades definitivas asignadas a cada expediente na proposta de aprobación, unha vez recibida a validación telefónicamente esta mañá, segundo indica a xerente.

GALP 6 - 223: O Encanto de Xarás.

Na devolución da proposta se sinala:

“Non consta na aplicación GALOPE o informe de turismo esixible de acordo coa orde de bases reguladoras nin o informe técnico cos obxectivos do Convenio. O órgano instructor debe incluír os informes necesarios no expediente electrónico da solicitude na aplicación GALOPE.

Os informes de turismo foron subidos á aplicación GALOPE (Informe da Inspección de Turismo e informe respecto dos obxectivos do Convenio). Segundo se dicía nos informes emitidos pola xerencia (F01_Listado de comprobación da solicitude, F06- Listado de comprobación de subvencionabilidade e F08- Informe de subvencionabilidade) o informe de turismo non foi tramitado novamente por tratarse dun proxecto xa tramitado na convocatoria de marzo e do que se obtivo o informe positivo de turismo no mes de agosto de 2021.

Tamén se di:

“O importe proposto supera o dispoñible no obxectivo estratéxico ao que atende o proxecto”.

Segundo xa se indicou, como en anteriores ocasións, a proposta recolle no Anexo I, os proxectos que se propoñen para aprobación indicando a puntuación obtida, o orzamento subvencionable e a axuda que corresponde en función da porcentaxe de financiamento que se propón. No certificado de acordos da Xunta Directiva se indica que *“a Xunta Directiva propón a aprobación de proxectos asignándolles as cantidades dispoñibles ata o límite de execución da EDLP e os seus obxectivos estratéxicos”*.



A Xunta Directiva acorda a publicación das cantidades definitivas asignadas a cada expediente na proposta de aprobación, unha vez recibida a validación telefónicamente esta mañá, segundo indica a xerente.

GALP 6 - 226: Guía de aves do ENIL da Xunqueira, GALP 6 – 227 Sinalización de espazos marítimo fluviais da Ría de Pontevedra e GALP 6 – 229 Unha viaxe ao redor do Colón Galego.

Na devolución da proposta se di:

“De acordo cos datos de execución do Grupo dos que dispoñemos, coas puntuacións outorgadas a estes proxectos non existiría crédito dispoñible no OE3 para propoñer as axudas xa que existen proxectos no mesmo OE con maior puntuación que consumirían o crédito existente”.

Os proxectos foron priorizados en cada obxectivo estratéxico en orde decrecente de puntuación considerando conxuntamente os proxectos produtivos e non produtivos. Esta orde de prelación estendeuse tamén a selección dos proxectos que puideran verse afectados polo límite de execución da estratexia, ao entenderse como un criterio máis obxectivo, quedando a selección segundo se mostra na Táboa 1.

Os proxectos citados do Concello de Pontevedra encáixanse en dous eixes diferentes:

- O proxecto GALP 6 – 226 **Guía de aves do ENIL da Xunqueira**, no Obxectivo Estratéxico 3 (OE3), cunha puntuación de 57 puntos, non obtén financiamento. O mesmo sucede cos proxectos **GALP 6 – 227 Sinalización de espazos marítimo fluviais da Ría de Pontevedra e GALP 6 – 229 Unha viaxe ao redor do Colón Galego, do Obxectivo estratéxico 4 (OE4)**. Como en anteriores ocasións, a proposta definitiva recollía no Anexo I, os proxectos que se propoñen para aprobación indicando a puntuación obtida, o orzamento subvencionable e a axuda que corresponde en función da porcentaxe de financiamento que se propón. No certificado de acordos da Xunta Directiva se indica que *“a Xunta Directiva propón a aprobación de proxectos asignándolles as cantidades dispoñibles ata o límite de execución da EDLP e os seus obxectivos estratéxicos”.*

A Xunta Directiva acorda a publicación das cantidades definitivas asignadas a estes expedientes na proposta de aprobación coa anotación de que quedan en lista de agarda, unha vez recibida a validación telefónicamente esta mañá, segundo indica a xerente.

| OE EDLP | Código proxecto | Denominación proxecto | Proposta 2021_08 | PUNTUACIÓN |
|---------|-----------------|-------------------------------------|------------------|------------|
| OE 1 | GALP 6 - 196 | RD SUITES: NUEVO APARTHOTEL EN RAXO | | 50 |

| OE EDLP | Código proxecto | Denominación proxecto | Proposta 2021_08 | PUNTUACIÓN |
|--------------|-----------------|---|-------------------------|------------|
| OE 3 | GALP 6 - 230 | SALVAGARDA DO ECOSISTEMA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE PONTEVEDRA | 30.559,03 | 88 |
| | GALP 6 - 224 | POSTA VALOR E MELLORA ACESIB., PROTECCION DUNAR E DOT. SERV. MÓB | 64.759,20 | 74 |
| | GALP 6 - 228 | DESCUBRINDO O ENIL A XUNQUEIRA DE ALBA | 14.229,60 | 69 |
| | GALP 6 - 234 | EQUIPAMENTO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO | 19.863,36 | 64 |
| | GALP 6 - 226 | GUÍA DE AVES DO ENIL DA XUNQUEIRA | | 57 |
| | OE 4 | GALP 6 - 223 | EL ENCANTO DE XARAS, SL | 108.768,64 |
| GALP 6 - 227 | | SINALIZACIÓN ESPAZOS MARÍTIMO-FLUVIAIS DA RÍA DE PONTEVEDRA | | 55 |
| GALP 6 - 229 | | UNHA VIAXE AO REDOR DO COLÓN GALEGO | | 49 |
| OE 5 | GALP 6 - 231 | NaturGalíciate, un mar de aventuras | 7.233,20 | 66 |
| | TOTAL | | 245.413,03 | |

Táboa 1: Selección de proxectos que reciben financiamento aplicando o criterio de puntuación decrecente independentemente do OE no que se presentaran, respectando os límites de cada OE.

GALP 6 – 233 Mellora da seguridade e na divulgación medioambiental dos servizos turísticos nas Rías Baixas.

“A proposta achegada inclúe este proxecto como pendente de avaliación. A Xunta Directiva do GALP deberá emitir proposta definitiva e darlle traslado á mesma”.

Cómpre a emisión da proposta definitiva ao respecto deste proxecto que figura no Anexo II de proxectos desestimados ao avaliarmos a falla de viabilidade técnica e non dispor das aclaracións do beneficiario que puideran avalar a opinión contraria. Neste caso a Proposta definitiva de desestimación de axudas para o expediente GALP 6 – 233 indicaría como motivo: *“Desestimación por non achegar documentación requirida para comprobar a necesidade dos investimentos para*



o obxectivo da actividade prevista” no canto de “En prazo para completar documentación. Pendente de avaliación”.

Acórdase realizar esta modificación.

GALP 6 – 232 Mar azul experience.

Na devolución da proposta se sinala:

“O informe de subvencionabilidade contén información incongruente como que os obxectivos atenden a EDLP do GALP/Non atenden... que deben ser aclarados. O equipo técnico deberá informar á directiva así mesmo sobre a uniformidade na aplicación do criterio de viabilidade económica utilizado neste caso nos restantes análises de proxectos propostos polo GALP ata o momento e achegar información ao respecto.

O informe de subvencionabilidade que se xunta a este informe sinala o feito de que a memoria presentada do proxecto erra ao citar os obxectivos estratéxicos da EDLP do GALP Ría de Pontevedra e pode darse o caso de que a redacción presentada corresponda a EDLP doutro GALP. Porén, sendo as estratexias moi semellantes nos seus obxectivos estratéxicos e nalgúns específicos, aínda non sendo correcta a literalidade dos obxectivos, si atendan aos mesmos obxectivos últimos correspondentes cos definidos no Regulamento 508/2014 do FEMP.

Ao respecto da uniformidade do criterio de viabilidade económica hai que indicar que, se ben pode entenderse pola súa redacción, que o informe de viabilidade económica non é definitivo, - como sucedía por exemplo con outros expedientes da convocatoria de marzo de 2021 coma o GALP 6 – 216 que si foi proposto para aprobación, neste caso, a xerencia contaba cos seguintes elementos de xuízo:

- A opinión negativa do autor do informe manifestada expresamente a través das reunións mantidas telefónicamente que recabou numerosa documentación e mantivo múltiples intercambios de documentación para avaliar tanto a viabilidade técnica como a económica e financeira e a validación da excepcionalidade de admitir un único orzamento.
- A falta da documentación requirida ao promotor que avalara a viabilidade económica e financeira.
- A renuncia á tramitación do expediente comunicada telefónicamente cando se contactou con el ao respecto da entrega da documentación requirida.

A Xunta Directiva dáse por enterada.

GALP 6 – 224 Posta en valor e mellora a accesibilidade, protección dunar e dotación de servizos móbiles e GALP 6 – 234 Equipamento servizo de salvamento e socorrismo.

Na devolución da proposta se sinala:





“Na data de solicitude non se acredita a capacidade legal do uso e desfrute ou propiedade da totalidade dos bens relacionados con estes proxectos esixida de acordo co artigo 21.1.e) da Orde de bases reguladoras. De tratarse de elementos móbiles, deberá achegarse informe xustificativo.

A xerencia informou á Xunta Directiva do carácter móbil dos equipamentos “casetas de aseos e salvamento”, segundo consta claramente na solicitude do Concello de Sanxenxo e o representante do Concello de Marín na Xunta Directiva confirmou o carácter móbil dos equipamentos solicitados por esta entidade. Recibida a devolución da proposta foron requiridos sendos informes sobre o carácter móbil as dúas entidades locais.

Os informes recibidos que respaldan o carácter móbil dos equipamentos, achéganse xunto coa certificación de acordos da Xunta Directiva.

GALP 6 – 231 Naturgaliciate, un mar de aventuras.

Na devolución da proposta se sinala:

“Achegar aclaracións sobre as diferenzas entre os importes orzamentados e os da proposta.”

Revisada a memoria da solicitude e a proposta de aprobación atopouse unha diferenza dun céntimo que foi corrixida.

En canto á revisión dos listados de comprobación de solicitude, de idoneidade técnica e subvencionabilidade que deben estar asinados pola xerencia con anterioridade á proposta de concesión de axudas da xunta directiva, a xerente da conta de que procedeuse a datalos na data na que se completou a documentación ou finalizaron os prazos de presentación da mesma.

Achégase os seguintes anexos á este acordó:

- Anexo I coa proposta revisada de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos.
- Anexo II coa proposta revisada de desestimación de proxectos produtivos e non produtivos.

Polo tanto, feitas as modificacións e achegas de documentación procedentes que se recollen neste acordo, procédese a modificar a proposta de resolución definitiva de aprobación de proxectos segundo se recolle no Anexo 1 así como a proposta de resolución definitiva de desestimación de proxectos que se recolle no Anexo 2.



A Xunta Directiva acorda publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 25 de novembro de 2021.

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores